

ButacaZero estreará 'Papaguena', unha ópera electrónica en galego para xirar por toda Galicia

A compañía dirixida por Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira presentou esta mañá no mercado Galicia Escena Pro o proxecto, que conta co apoio inicial do Concello de Rianxo, que acolle os ensaios da peza.

O compositor galego Iago Hermo asina a música orixinal e o libreto dunha creación que contará coa soprano Esperanza Mara e o barítono Jacobo Rubianes Castelo.



Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegus co equipo de Papaguena © Serxo González

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022.- A compañía ButacaZero, dirixida por Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira, estreará o vindeiro mes de setembro **Papaguena**. A nova creación é unha **ópera electrónica contemporánea de pequeno formato en galego, con perspectiva de xénero**, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica. A compañía deu a coñecer este luns o proxecto durante a sesión de presentacións rápidas, estilo *pitching*, celebrada no mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO.

Papaguena é unha ópera electrónica do compositor galego **Iago Hermo** inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, **na que Castiñeira e Carrodegus asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da

creación operística, mais tamén **pretende rachar con outros clixés presentes no mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato, o vestiario ou a escenografía, que non contará con elementos analóxicos e se baseará no espectralismo minimalista. O resultado: un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que levará a ópera a vilas por onde non adoita chegar. O reparto contará coa soprano **Esperanza Mara** e o barítono **Jacobo Rubianes Castelo**; mentres que a música electrónica orixinal é do propio Hermo. Ana Arteaga (escenografía) e Diego Valeiras (vestiario) completan o equipo técnico.

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego** que conta co apoio do Concello de Rianxo, a compañía viguesa ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente a través da colaboración con artistas de Galicia** e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos de Carrodegua e Castiñeira é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptarán a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa tamén a espazos non convencionais para a súa representación, coa intención de chegar a público tanto adolescente como adulto de toda Galicia.

Así, **Papaguena** poderase ver, os días **2 e 3 de setembro** a modo de pre-estrea, en Rianxo, localidade na que realizarán ensaios ao longo de todo o mes de agosto; mais a **estrea absoluta chegará o 10 de setembro nas ruínas do convento de Santo Domingo en Pontevedra**. Será o inicio dunha pequena xira no marco da programación cultural 'Confiando' da Deputación de Pontevedra, que levará a ópera ata localidades como O Grove (24 de setembro), Caldas de Reis (9 de outubro), Tui (21 de outubro), Gondomar (5 de novembro) ou Bueu (19 de novembro). O 29 de outubro a peza pasará tamén por Oleiros. Pero non serán estas as únicas vilas nas que se poderá desfrutar desta **experiencia única e inmersiva**; nas vindeiras semanas ButacaZero dará a coñecer novas datas por toda Galicia.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | 620 113 155

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@theofficeco.es